

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE MÁSTER EN OPTOMETRÍA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA

(Aprobado na Comisión Académica do Máster do 12/12/2018)

(Aprobado na Xunta de Facultade do 18/12/2018)

(Aprobado no Consello de Goberno da USC do 29/03/2019)

Consideracións xerais

Atendendo á memoria do Máster en Optometría da USC acreditada o 18/04/2018 (Orde do 13/06/2018 (DOG do 29/06/2018)¹, o/a estudante deberá realizar un traballo de fin de máster (TFM) de 10 ECTS (equivalente a un tempo de traballo de 250 horas) no cal deberá desenvolver un traballo tutelado de investigación, básica ou clínica, que permita comprobar a autonomía do futuro egresado no seu desenvolvemento profesional.

Considerando o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC (aprobado en consello de goberno o 28 de xullo de 2017), a Facultade de Óptica e Optometría é o órgano responsable da titulación e en concreto a comisión académica do máster e o órgano colexiado ordinario de xestión que se ocupará do desenvolvemento deste regulamento atendendo o sistema de garantía de calidade do centro (SGC) e a o seu regulamento de réxime interno^{2 3}.

Artigo 1. Obxectivo do TFM

O TFM ten como obxectivo principal integrar as competencias básicas e xerais, transversais e específicas incluídas na memoria acreditada do Máster en Optometría; coa finalidade de que o/a alumno/a acredite e profundice nos coñecementos e destrezas adquiridos ao longo do seus estudos de Máster.

Artigo 2. Tipoloxía do traballo

O TFM consistirá na elaboración por parte do estudante dun traballo, memoria ou traballo estudo orixinal.

Artigo 3. Requisitos para á realización e defensa do TFM

Poderán realizar o TFM os estudantes que estean matriculados na materia nos prazos que estableza a USC.

Os TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que

¹http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P2191_Optometría_2018.pdf

² <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

³ http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/Reglamento/REGULAMENTO_R_INTERNO_FAC_OPTICA_E_OPTOMETRxA2016.pdf

o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes aos propios do traballo. Requisitos que serán verificados polo Centro, para autorizar a súa presentación.

Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recibiran todas as actas de exame das materias, o secretario/a do Centro solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación.

Artigo 4.-Convocatorias.

A matrícula dos traballos farase dentro do prazo xeral de matrícula ordinaria que estableza a universidade, mediante o aboamento dos precios públicos que corresponda conforme aos créditos que teña asignados e conxuntamente coas materias que o alumnado teña pendente de superar para completar os estudos do Máster.

A matrícula dará dereito á presentación do TFM en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado, e sempre que cumpran os requisitos para a súa avaliación.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dúas para os TFM, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter *non presentado* en todas as oportunidades, considérase consumida a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Órganos da Facultade de Óptica e Optometría encargados da xestión do TFM

Artigo 5. A Comisión Académica do Máster

A Comisión Académica do Máster será a encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia "Traballo de Fin de Máster" e deberá de asignar un coordinador ou coordinadora da mesma ⁴.

Entre as competencias da Comisión Académica do Máster estarán:

- 1.- Propoñer anualmente a guía docente da materia TFM.
- 2.- Determinar os sistemas de titorización.
- 3.- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación.

⁴http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017_Normativa_Grupo_Master_USC_28_xullo_Aprobado.pdf

- 4.- Instrumentar e publicar procedementos para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo.
- 5.- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado.
- 6.- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...)
- 7.- Aprobar os tribunais de avaliación
- 8.- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais
- 9.- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia
- 10.- Propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade, e en especial propoñeranse os traballos do alumnado que acade a mención de matrícula de honra nesta materia.
- 11.- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

A Xunta da Facultade / Comisión Académica do Máster aprobarán a guía docente e os períodos de presentación dos TFM, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Titorización dos Traballos

Artigo 6. Titor/a TFM.

O titor/a será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia no Máster en Optometría.

Artigo 7. Cotitor/a.

Excepcionalmente, ademais do PDI das áreas que impartan docencia no Máster en Optometría, tamén poderán ser cotitores/as profesorado da USC que se atope na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI da normativa da USC agás os que posúan unha titulación de Máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (Máster do MECES). A Comisión Académica do Máster poderá designar un cotitor ou dous, excepcionalmente e por razóns xustificadas. Esta circunstancia deberá ser comunicada á Vicerreitoría con competencias na materia, indicando a dedicación do titor e cotitor.

Artigo 8. Titorización no caso de intercambios.

No caso de TFM desenvolto no marco de convenios con empresas ou institucións, ou de intercambio de estudantes, poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou institución no que se desenvolva o traballo.

Artigo 9. Tarefas do Titor do TFM.

O/A titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de orientalo e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo tribunal avaliador segundo o modelo que a Comisión académica do Máster propoña para estes efectos,

Artigo 10. Propostas de temas e asignación de titores/as.

A Facultade e os Departamentos implicados na docencia do Máster, garantirán a dispoñibilidade de titores e temas de TFM. A tal fin a Comisión Académica do *Máster solicitará aos Departamentos o número de propostas de TFM; unha vez recibidas tales propostas, así como a preferencias dos alumnos, a Comisión asignará un/unha titor/a do TFM a cada un dos/as alumnos/as matriculados segundo nota media do expediente de acceso ao máster.*

Asemade, poderase establecer unha proposta conxunta dun estudante e un membro do PDI. Dita proposta formularase mediante solicitude (ANEXO I) entregada na Secretaría do Decanato da Facultade de Óptica e Optometría segundo o calendario establecido.

En calquera caso a asignación de TFM farase nos prazos que estean marcados no calendario académico aprobado pola Xunta da Facultade de Óptica e Optometría para o Máster en Optometría⁵.

Artigo 11. Modificación ou anulación da asignación.

De modo excepcional, o alumnado ou titor poderán solicitar a modificación ou anulación da asignación do TFM mediante escrito razoado remitido á Comisión e, presentado na Secretaría do Decanato da Facultade. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

⁵ <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/Master/gal.calendario-TFM-18-19.pdf>

Artigo 12 . Características do TFM.

A memoria deberá presentarse co seguinte formato: tamaño DIN A4, interliñado a espazo e medio, e terá como mínimo os seguintes apartados: declaración expresa asinada de autoría do traballo, índice, resumo dun máximo de 300 palabras, antecedentes/introdución, xustificación e obxectivos, hipótese se procede, material e métodos, viabilidade e resultados esperados (modalidade proxecto), resultados e discusión, conclusións (traballo orixinal) e bibliografía.

Presentación e defensa pública do TFM

Artigo 13. Solicitude de defensa e entrega de documentación.

Os traballos deberán presentarse nos períodos fixados polo calendario académico anual previa solicitude de defensa na súa secretaría virtual, e posterior entrega dun exemplar do TFM en papel na Secretaría da Facultade de Óptica e Optometría. Unha vez feita a solicitude de defensa, o titor deberá emitir, tamén a través da súa secretaría virtual, o informe preceptivo e confidencial sobre o seguimento do traballo e a súa avaliación, para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

Artigo 14. Prazo de presentación

A Xunta de Facultade/Comisión Académica do Máster aprobará as datas de presentación dos TFM e as datas de revisión das cualificacións de cada curso académico, nos períodos que establece ao efecto a Universidade.

Artigo 15. Presentación e defensa

Os TFM esixirán sempre de presentación e defensa pública, de xeito presencial ou excepcionalmente por medios telemáticos coas garantías que se establezan na autorización.

As modalidades de presentación e defensa ante do tribunal poderán ser exposición oral, formato congreso como exposición de pósteres ou comunicación.

A realización, así como a presentación e defensa poderase efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do Máster conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantírase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

O tempo máximo do que estudante disporá para a súa exposición ou defensa será de 10 minutos para a presentación e 15 minutos para discusión.

Avaliación dos Traballos

Artigo 16. Tribunal de avaliación

Os tribunais encargados de avaliar os TFM estarán compostos por tres profesores que impartan docencia no Máster e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente. Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos Tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En cada Tribunal haberá un/unha Presidente/a e un/unha Secretario/a. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o Presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e a Secretaria/o, será o de menor categoría e máis novo. O/a Presidente/a e Secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.

Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

Artigo 17. Avaliación, cualificación e revisión

O TFM avaliarase mediante a defensa pública do traballo realizado ante unha Comisión Avaliadora composta por tres profesores nomeados pola Comisión Académica de entre o profesorado do Máster, de acordo co establecido na normativa correspondente. Esta Comisión deberá ter en conta tamén o informe valorativo do traballo que emitirá o titor/a. Na avaliación do TFM valorarase: a calidade científica e orixinalidade do traballo (novidade e orixinalidade, relevancia e interese, adecuación na formulación dos obxectivos, e metodoloxía), a pertinencia e actualización da revisión bibliográfica, a expresión e coherencia do documento, o manexo apropiado da linguaxe, a profundidade na abordaxe do tema, a capacidade de analizar as limitacións do estudo así como de realizar proposta de directrices futuras, a competencia na presentación escrita e oral do traballo seguindo as normas de estilo da APA, a capacidade para comunicar as conclusións alcanzadas e as razóns que as sustentan, a capacidade de argumentar con solvencia e responder ás cuestións formuladas na defensa pública do TFM.

Cualificacións

A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios do Decanato, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Os TFM deberán ser cualificados conforme a seguinte escala numérica e cualitativa

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.

A Comisión Académica do Máster en Optometría, outorgará as matriculas de honra oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

Os tribunais remitirán á Comisión Académica do Máster as propostas citadas unha vez rematadas as defensas en cada unha das convocatorias existentes.

Artigo 20. Revisións.

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.